

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MAR DEL PLATA, PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN MAR DEL PLATA (ARXENTINA) ACOLLIDA NO CENTRO DE DÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Mar del Plata, Arxentina, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Centro Gallego de Mar del Plata co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da atención que se lle presta ás persoas galegas acollidas no centro de día.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Mar del Plata, Arxentina, reside un número importante de persoas de orixe galega que están a sufrir un deterioro do seu nivel de vida debido á crise socio-económica que vive o país, a cal afecta máis á poboación de maior idade debido á falta real de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Centro Gallego Mar del Plata é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración. Dende o ano 2004 esta entidade posúe un centro de día, creado como obra de beneficencia co obxectivo de dar apoio socio asistencial ás persoas maiores a través da súa atención integral. O servizo ten carácter preventivo, asistencial e de integración social, e proporciona actividades sociais, culturais e recreativas e asistencia de saúde á poboación emigrante galega.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co Centro Gallego de Mar del Plata co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á poboación galega residente en Arxentina que, por estar nunha situación de necesidade ou de dependencia, non poida afrontar o custo destas prestacións, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar este servizo.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de **dez mil euros (10.000€)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (Código proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
rúa Basquiños, núm. 2
15704 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



en Mar del Plata, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida dos galegos e galegas emigrantes residentes en Arxentina que por cuestións de idade e/ou socio-familiares non acceden doutra forma ás prestacións obxecto deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

